



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII legislatura
Número 19
29 de abril de 2024



CSV: BOPGDSPG-wid2hQpqqd-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

■ Declaración institucional con motivo do Día Mundial do Lupus

[6490](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, polo que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado Gabriel Alén Castro, como consecuencia da súa toma de posesión como director xeral de Comercio e Consumo, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 92/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

[6491](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado pola deputada Martina Aneiros Barros, como consecuencia da súa toma de posesión como delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 74/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

[6492](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado pola deputada María Sol Díaz Mouteira, como consecuencia da súa toma de posesión como directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 77/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

[6493](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, polo que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado Javier Arias Fouz, como consecuencia da súa toma de posesión como delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 72/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

[6493](#)



■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, pola que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado Antonio Rodríguez Miranda, como consecuencia da súa toma de posesión como secretario xeral da emigración, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 91/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024) [6494](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de abril de 2024, pola que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado pola deputada María Victoria Núñez López, como consecuencia da súa toma de posesión como directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 88/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024) [6495](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional con motivo do Día Mundial do Lupus

O Pleno do Parlamento, na sesión do 23 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

«Declaración institucional. Día Mundial do Lupus 2024

O lupus é unha enfermidade autoinmune que afecta cinco millóns de persoas en todo o mundo, e a súa prevalencia ascende a 210 casos por cada 100.000 habitantes en España. Pese a estas elevadas cifras, preto do 60 por cento dos españois non saben en que consiste o lupus ou tan só coñecen o nome da enfermidade, o que a converte nunha enfermidade invisible para a poboación en xeral, menos para quen a padece; especialmente mulleres, xa que representan o 90 por cento dos casos de lupus desenvolvendo a enfermidade entre os 15 e os 55 anos.

De entre os distintos tipos, o lupus eritematoso sistemático (LES) representa aproximadamente o 70 por cento de todos os casos. Ademais, a metade das persoas que o padecen ve afectado un órgano ou un tecido importante no corpo, como o corazón, os pulmóns, os riles ou o cerebro. Aínda non existe cura nin un tratamento efectivo para previr o dano orgánico a longo prazo que provoca o lupus. Unha enfermidade impredecible que, de non ser tratada, pode aumentar a discapacidade e a incapacidade da persoa afectada e ser potencialmente mortal.

Considerando que o lupus é un problema de saúde global que afecta millóns de persoas, a Federación Española de Lupus (FELUPUS) une a forza representando as persoas con lupus e as 22 asociacións repartidas por todo o territorio nacional para dar a coñecer esta enfermidade.

Con motivo do Día Mundial do Lupus, baixo o lema “Non deixes que o lupus gañe: rebélate contra o lupus”, FELUPUS busca alentar os pacientes a que non deben renderse fronte ao lupus e insta as administracións a actuarmos xuntos, declarando o seu compromiso para contribuír a mellorar o manexo temperán do lupus en España se logramos dar resposta aos seguintes retos:

RETO 1: Promover un sistema de saúde público e de calidade que garanta a equidade e a uniformidade durante os procesos de diagnóstico, tratamento e seguimento da enfermidade, favorecendo así unha abordaxe multidisciplinar coordinada e integral do lupus

RETO 2: Impulsar a innovación e a investigación, promovendo o intercambio de coñecemento científico e o impulso de novos avances no descubrimento de tratamentos.

RETO 3: Garantir o acceso en equidade aos tratamentos e novas terapias.

RETO 4: Recoñecer adecuadamente o dano orgánico acumulado do lupus e o seu impacto no benestar físico, mental e ocupacional dos pacientes.



Por todo o anteriormente exposto, no Día Mundial do Lupus (10 de maio), o Parlamento de Galicia:

— Expresa o apoio e recoñecemento ás persoas con lupus, ás súas familias e ás asociacións de pacientes que diariamente traballan para a creación dunha clara conciencia social da enfermidade, dirixindo as súas actuacións cara ao diagnóstico precoz e o tratamento desde o enfoque terapéutico e multidisciplinar.

— Comprométese a levar a cabo as accións pertinentes e destinar os recursos necesarios para dar resposta a estes retos e paliar a situación de especial vulnerabilidade, así como garantir, con equidade, os dereitos das persoas con lupus e as súas familias, sendo plenamente conscientes de que para unha enfermidade crónica para a que non existe cura, como esta e moitas outras, a investigación e o acceso á innovación é vital.»

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, polo que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado Gabriel Alén Castro, como consecuencia da súa toma de posesión como director xeral de Comercio e Consumo, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 92/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

Examínase a certificación expedida polo xefe do Servizo de Recursos Humanos na que se acredita que o 25 de abril Gabriel Alén Castro tomou posesión do cargo de director xeral de Comercio e Consumo.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Ourense, na lista do Partido Popular, polo deputado Gabriel Alén Castro, como consecuencia da súa toma de posesión como director xeral de Comercio e Consumo, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 92/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril).

2º. Notificar este acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o día 25 de abril de 2024.



3º. Notificar esta resolución á Xunta Electoral Provincial de Ourense, para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado pola deputada Martina Aneiros Barros, como consecuencia da súa toma de posesión como delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 74/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

Examínase a certificación expedida pola Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia na que se acredita que o 25 de abril de 2024 Martina Aneiros Barros tomou posesión do cargo de delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral da Coruña, na lista do Partido Popular, pola deputada Martina Aneiros Barros, como consecuencia da súa toma de posesión como delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 74/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024).

2º. Notificar esta resolución á interesada, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o día 25 de abril de 2024.

3º. Notificar esta resolución á Xunta Electoral provincial da Coruña para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado pola deputada María Sol Díaz Mouteira, como consecuencia da súa toma de posesión como directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 77/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

Examínase a dilixencia expedida pola vicesecretaría xeral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na que se fai constar que o 25 de abril de 2024, María Sol Díaz Mouteira tomou posesión do cargo de directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Ourense, na lista do Partido Popular, pola deputada María Sol Díaz Mouteira, como consecuencia da súa toma de posesión como directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 77/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024).

2º. Notificar esta resolución á interesada, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o día 25 de abril de 2024.

3º. Notificar esta resolución á Xunta Electoral provincial de Ourense para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, polo que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado Javier Arias Fouz, como consecuencia da súa toma de posesión como delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 72/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

Examínase a certificación expedida pola Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia na que se acredita que o 25 de abril Javier Arias Fouz tomou posesión do cargo de delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:



1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Lugo, na lista do Partido Popular, polo deputado Javier Arias Fouz, como consecuencia da súa toma de posesión como delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 72/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril).

2º. Notificar esta resolución ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o día 25 de abril de 2024.

3º. Notificar esta resolución á Xunta Electoral Provincial de Lugo, para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2024, pola que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado Antonio Rodríguez Miranda, como consecuencia da súa toma de posesión como secretario xeral da emigración, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 91/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

Examínase a certificación expedida polo xefe do Servizo de Recursos Humanos da Xunta de Galicia na que se acredita que o 25 de abril de 2024 Antonio Rodríguez Miranda tomou posesión do cargo de secretario xeral da Emigración.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Ourense, na lista do Partido Popular, polo deputado Antonio Rodríguez Miranda, como consecuencia da súa toma de posesión como secretario xeral da Emigración, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 91/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024).

2º. Notificar esta resolución ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o día 25 de abril de 2024.

3º. Notificar esta resolución á Xunta Electoral provincial de Ourense para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.



4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de abril de 2024, pola que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado pola deputada María Victoria Núñez López, como consecuencia da súa toma de posesión como directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 88/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024)

Examínase a dilixencia expedida pola xefa do Servizo de Administración e Xestión da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística na que se fai constar que o 26 de abril de 2024 María Victoria Núñez López tomou posesión do cargo de directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Ourense, na lista do Partido Popular, pola deputada María Victoria Núñez López, como consecuencia da súa toma de posesión como directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 88/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024).

2º. Notificar esta resolución á interesada, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o día 26 de abril de 2024.

3º. Notificar esta resolución á Xunta Electoral provincial de Ourense para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.


5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

